

**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO AUTÓNOMO
MUNICIPAL DE CULTURA**

INFORMACIÓN SOBRE O USO DA SALA DE EXPOSICIÓNS: CASA CHARRY



I. Espazo municipal adicado a exposicións.

A Casa Charry é un espazo municipal adicado a acoller exposicións das diferentes manifestacións artísticas. Este é o seu enderezo: Praza de Galicia, s/n. 15173. Oleiros.

A cesión deste espazo é gratuita.

II. Solicitudes.


Os interesados solicitarán a ocupación dos espazos de exposición, mediante instancia en modelo normalizado, presentado no Rexistro de entrada e dirixida ao Departamento de Cultura. A solicitude deberá contemplar os seguintes datos: nome e apelidos do solicitante, enderezo, DNI, teléfono de contacto, contido da exposición, lugar de exposición solicitado e data aproximada. As solicitudes se rexistrarán por rigurosa orde de entrada. Esta solicitude irá acompañada de:

1. Breve Currículo Vitae: historial profesional, relación de exposicións realizadas, relación de premios obtidos, referencias críticas de prensa.
2. Dúas fotografías da obra.
3. Calqueira outro material que queira aportar o solicitante.

O prazo de presentación de solicitudes será como mínimo de catro meses antes da data solicitada de exposición, a efectos dunha correcta planificación e organización das actividades. Nembargantes, si dentro dos catro meses anteriores non estiveran reservadas ou ocupadas as salas, o prazo de presentación poderá reducirse a 1 mes, coa finalidade de cubrir espazos no calendario fixado.

Os responsables do Departamento de Cultura comunicarán telefónicamente ao solicitante a admisión da súa solicitude e a confirmación das datas de exposición.

Unha mesma persoa non poderá expoñer dúas veces no mesmo ano.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO AUTÓNOMO
MUNICIPAL DE CULTURA**

III. Duración e horario.


1. As exposicións terán unha duración aproximada de 2 semanas. (12 días hábiles, contando de luns a sábado).
2. O horario da exposición será o seguinte: de luns a sábado, das 19,00 ás 21,00 horas. Os domingos as salas permanecerán pechadas.
3. As exposicións serán programadas nos períodos comprendidos entre os meses de xaneiro a xuño e de setembro a decembro. Nos meses de xullo e agosto a Casa Charry permanecerá pechada.

IV. Publicidade.

O departamento de Cultura asume o custo e o deseño das tarxetas de difusión da exposición. O artista facilitará ao responsable de cultura os materiais para confeccionar o tarxetón (textos, fotografías, debuxos, etc.) e poderá intervir e colaborar no deseño. Existe un modelo tipo de tarxetón que o artista poderá consultar. O artista poderá costear ao seu cargo calqueira outro tipo de publicación a maiores, sempre e cando teña en conta as instrucións do Departamento de Cultura no que se refire á inserción dos logos institucionais.

V. Transporte, montaxe e desmontaxe.

1. O transporte, a montaxe e a desmontaxe da exposición correrán a cargo do artista, sempre atendendo ás indicacións propostas polos responsables do Departamento de cultura.
2. Non se poderán modificar as características das salas para adaptalas aos contidos das exposicións.
3. Os artistas serán responsables de calqueira incidente ou deterioro que se produza en paredes, chan ou noutros elementos da instalación. Asimesmo, están obrigados a deixalo no mesmo estado no que o atopan e a repoñer ou reparar os danos en mobles ou inmobles que pudieran ocasionar.
4. Non se autorizará ningunha modificación que supoña alteracións dos elementos decorativos das salas, así como tampouco a utilización de materiais que poidan dañar as paredes da mesma.
5. Non se poderá alterar a composición da mostra durante o período de exposición.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

**ORGANISMO AUTÓNOMO
MUNICIPAL DE CULTURA**

VI. Condicións xerais.

1. No caso da Casa Charry, as chaves se recollerán en centraliña, na Casa do Concello, os días de semana e nas dependencias da Policía Local os sábados, habendo deixado previamente uha copia do seu DNI para poder ser identificado no momento da recollida.
2. Na Casa Charry non hai servizo de conserxería polo que o propio artista ou a persoa en quen delegue permanecerá na instalación durante o tempo de apertura da exposición.
3. O día da inauguración non se permite repartir ningún tipo de catering ou similar, xa que non se pode comer no interior do edificio.
4. Ao tratarse dun edificio público, está totalmente prohibido fumar no seu interior.
5. Ao remate da exposición, o expositor donará unha obra das exhibidas, pasando a ser propiedade do Concello de Oleiros. A obra irá acompañada dunha ficha na que conste o título da obra, o autor, a técnica, o ano e as dimensións. A obra decidida polo autor para ceder ao Concello deberá ser representativa de dita exposición, para elo deberá contar co visto bo do responsable do Departamento de Cultura, quen no caso de non considerala representativa, elixirá outra obra da exposición. No caso de tratarse dunha exposición colectiva, a obra a ceder será a dun dos autores da exposición, decidindo entre eles a obra a ceder.
6. Permítese a venda das obras durante o período de exposición. O artista poñerá un listado co valor de cada unha delas que facilitará ao Departamento de Cultura. A venda será realizada directamente polo propio artista.

Asdo.

En Oleiros, a de 200